UNIDADE DIDÁCTICA

Xa veñen os Reis Magos!

ACTIVIDADES

1

Ímoslles escribir a carta aos Reis Magos. Viches que modelo máis bonito? Podes completalo escribindo, pintando ou pegando os regalos que lles vas pedir. Bótalle un ollo ao catálogo de agasallos en galego, xa verás que ideas tan boas!

2

Que che parece se adornamos un pouco a carta? Pódela pintar ou decorala con cartolina, papeis de cores, sementes, purpurina etc. Aos Reis Magos seguro que lles vai facer moita ilusión!

3

A túa profesora ou profesor vai debuxar unha árbore xigante e pegala na clase ou no corredor. Axúdalle a decorala cos debuxos da ficha de adornos. Primeiro píntaos, logo recórtaos e, por último, pégaos na árbore.

4

Velaquí tedes unha panxoliña que aparece no *Quiquirikí*, un traballo da Asociación de Gaiteiros Galegos. Escoitádea e tentade compoñer outras estrofas co mesmo esquema para lles cantar aos paxes reais cando vaian recoller as vosas cartas aos Reis Magos.

Recoñeces algún dos instrumentos que soan? Cales? Atrevédesvos a acompañar a vosa canción con algún son?

OS PITIÑOS,
BUSCABAN UNHA ESTRELA
E CANDO A ATOPARON
BAILARON CON ELA.
(BIS)

LAI LA RA LAI LA RA LA,
A QUEN QUERES TI ALUMEAR?
AO NENO QUE XA NACEU
NESTA NOITE DE NADAL.
(BIS)

.....
.....
.....
.....
(BIS)

.....
.....
.....
.....
(BIS)

OS GATIÑOS,
BUSCABAN UNHA ESTRELA
E CANDO A ATOPARON
BAILARON CON ELA.
(BIS)

LAI LA RA LAI LA RA LA,
A QUEN QUERES TI ALUMEAR?
AO NENO QUE XA NACEU
NESTA NOITE DE NADAL.
(BIS)

.....
.....
.....
.....
(BIS)

.....
.....
.....
.....
(BIS)

OS PEIXIÑOS,
BUSCABAN UNHA ESTRELA
E CANDO A ATOPARON
BAILARON CON ELA.
(BIS)

LAI LA RA LAI LA RA LA,
A QUEN QUERES TI ALUMEAR?
AO NENO QUE XA NACEU
NESTA NOITE DE NADAL.
(BIS)

.....
.....
.....
.....
(BIS)

.....
.....
.....
.....
(BIS)

5

Es quen de recoñecer cales das seguintes afirmacións son verdadeiras e cales falsas? Risca as verdadeiras.

- ☐ Se estamos durmidos a noite de Reis, os Reis Magos paran na nosa casa.
- ☐ O aguinaldo é o agasallo que reciben os nenos e as nenas que van polas casas cantando en Aninovo e en Reis.
- ☐ As panxoliñas son cancións populares de tema relixioso que se cantan polo Antroido.
- ☐ A comida típica do Nadal son as filloas e as orellas.
- ☐ Polo Nadal adornamos a nosa casa con toxos e xestas.
- ☐ Os Reis Magos tráenlles carbón aos nenos e nenas que se portan mal.

6

Completa o encrucillado co nome destes debuxos.



7

Coñeces algún destes personaxes? Intenta relacionalos primeiro co seu nome e logo co seu lugar de orixe.



ITALIA	Babushka
ALEMAÑA	Reis Magos
EE.UU	Apalpador
ESPAÑA	Olentzero
RUSIA	Caganer
GALICIA	Befana
PAÍS VASCO	Christkind
CATALUÑA	Santa Claus

8

Neste caldo de letras agóchanse 7 palabras relacionadas con comidas típicas destas datas. A ver quen as atopa!

E ti, que cousas comes nestas festas?

X	E	T	S	M	P	L	T	D	L
B	A	C	A	L	L	A	U	F	V
R	F	U	M	B	E	N	R	B	E
L	A	R	U	O	I	F	R	R	U
R	O	S	C	O	N	E	O	V	R
M	C	G	P	T	S	V	N	I	T
U	V	T	I	A	S	S	M	P	O
P	O	L	V	O	R	O	N	A	H
I	B	U	I	A	V	R	T	V	I
L	T	R	O	L	F	I	L	O	C

9

Repasa as letras das etiquetas e úneas co debuxo correspondente. Pinta aqueles medios de transporte que penses que poden utilizar os Reis Magos para repartiren os regalos na noite de Reis. E aquí, que medio elixiron os Reis?



10

Nestes debuxos hai 8 diferenzas. Velas? Que están a facer estes nenos? E ti, tiveches algún regalo?





Concello de Rois
Servizo de Normalización Lingüística

DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

FICHA DE ADORNOS PARA A NOSA ÁBORE DE NADAL